

AMADOR RODRÍGUEZ GUERRA (1894-1936): UNHA VOZ SILENCIADA DO AGRARISMO EUMÉS

Juan Sobrino Ceballos
Manuel Domínguez Ferro

*Cando eu me atopare
de donos liberto,
e o pan non me quiten
trabucos e préstames,
e como os do abade
frozcan meus eidos,
chegado habrá entonces
o maio que eu quero.*

*¿Queredes castañas
dos meus castiñeiros?
Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos;
un maio sin segas,
usuras nin preitos,
sin quintas nin portas,
nin foros nin cregos*

Curros Enríquez, *O Maio* (1880)

1. INTRODUCCIÓN

Periodista, escritor, político e propagandista agrario, varias son as facetas que contén a complexa figura de Amador Rodríguez Guerra. A máis salientábel, sen dúbida, foi a súa contribución á conversión do movemento agrarista nunha auténtica forza política, apostando pola participación plena do campesiñado nos procesos de cambio que se están a desenvolver na Galicia rural desde finais da Restauración.

A súa incansábel labor organizativa culminou en 1931 coa fundación do *Partido Agrario Radical Gallego*. Será ésta identificación coa causa do agrarismo e a defensa dos valores republicanos o motivo que lle levaría a sufrir, como tantos outros líderes agrarios, a feroz e cega represión que se desata en Galicia a partir de xullo de 1936.

Nado en Canedo (Val de Xestoso-Monfero) en 1894, no seo dunha familia de ricos propietarios, era fillo Juan Rodríguez Luna, de Irixoa, e de Francisca Guerra Couto, de Monfero. Creceu no ambiente de axitación social que sacudiu a comarca, produto da fonda crise finisecular pola que estaba a pasar o campo galego, e da que é expresión o nacente agromar do societarismo agrario.

2. A HERDANZA DOS SOLIDARIOS

A campaña emprendida por *Solidaridad Gallega* (SG) a partir de 1907 para superar a dinámica política restauracionista, seguindo o modelo de *Solidaritat Catalana*, tivo unha ampla repercusión en toda a área comprendida entre Betanzos e Ferrol¹. Os mitins dos solidarios, onde arreciaban as críticas contra o caciquismo e brillaba a oratoria de Rodrigo Sanz, Manuel Lugrís, Santiago Casares ou Antonio Couceiro Freijomil, chegaron a congregar en ocasións a verdadeiras multitudes, como o mitin celebrado en Irixoa en 1908, que reuniu a unhas 5.000 persoas².



Amador Rodríguez Guerra

Os solidarios promoveron un modelo societario baseado na federación das sociedades agrarias no ámbito municipal e comarcal para rentabilizar a loita electoral. En 1910, promovida pola pioneira *La Necesaria* (1907), de Fene, constituíuse a *Federación Agrícola de Ferrol-Pontedeume*, integrada por doce sociedades³. En Monfero, onde o pulo societario non é alleo ás iniciativas impulsadas desde a emigración, a primeira sociedade data tamén de 1909.

Obxectivo fundamental de *Solidaridad Gallega* era a conquista de poder municipal. Acabar co control caciquil que sobre o distrito exercían os prohombres do Partido Conservador, co marqués de Figueroa á cabeza, ministro de Graza e Xusticia con Maura, requería a mobilización electoral do campesiñado para así acceder ás bases do poder municipal. En palabras de Sanz, que fará súas Amador Rodríguez: “*Esas eran las dos fuentes de agua corrompida que envenenaban la vida municipal labriega: Ayuntamiento y Juzgado*”⁴.

1. CABO, M., *O Agrarismo*, Vigo, 1998, p.63

2. BERAMENDI, J., *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, 2007, p.366

3. Libertad y Progreso, de Serantes; La Emancipación, de Narón, La Moralizadora, de San Sadurniño, La Necesaria, de Fene; Unión Campesina, de Cobas, a Sociedade de Oficios Rurais de Neda e as sociedades agrícolas de Somozas, Ares-Caamouco, Cervás, A Capela, Mugaridos e Monfero, v. SANFIZ, H., Apuntes verbo da Federación Agrícola Ferrol-Pontedeume. O Agrarismo na comarca, Revista Cátedra, nº 6, 1999.

4. CABO, M., *O Agrarismo*, Vigo, 1998.

Na estratexia emprendida polos solidarios era preciso contar cun voceiro propio que contrarrestara a influencia dos medios de comunicación afíns ao goberno. Xurdén así *A Nosa Terra* e *Solidaridad Gallega*. En Pontedeume, o semanario comarcal *Ecos del Eume* (1910-1918), dirixido polo solidario eumés Rosendo Vilariño Tenreiro, servirá de cauce de expresión dos ideais agrarios⁵. Nas súas páxinas reproducense as críticas contra o atraso económico que sofre a comarca, a falta de infraestructuras e a opresión do poder caciquil -representado polo marqués de Figueroa, e os deputados José Lomabardero e Julio Waiss, cuia influencia cobre os primeiros decenios do século-. Entre os colaboradores habituais figuran Rodrigo Sanz, Rodrigo Álvarez Pardo, avogado coruñés radicado en Pontedeume, onde presidiu o centro solidario, e tamén Amador Rodríguez Guerra, cujos artigos aparecen firmados en ocasións co pseudónimo *El Conde del Eume*.

Animados polo formidábel respaldo electoral acadado nas eleccións municipais de 1909, que lograron sumar 258 concelleiros na provincia da Coruña, os agrarios solidarios presentan en 1910 candidatos a deputados provinciais e a Cortes, sendo designado para éstas últimas Rodrigo Sanz polo distrito de Pontedeume. Pero a maquinaria electoral do candidato ministerial José Lombardero logrou desbancar ao solidario⁶.

O proxecto unitario que representou SG desvanécese a partir de 1911, froito en gran medida das diverxencias ideolóxicas internas. Pero a labor de SG proxéctase a través do legado das *Asambleas Agrarias* (1908-1919) e o movemento societario, que se vai espallando con especial ímpeto nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

É e partir destes anos, probablemente baixo a protección de Rodrigo Sanz, cando Amador se instala na Coruña, onde se inicia no oficio periodístico. A ésta época remóntanse as súas primeiras colaboracións en *El Ideal Gallego* e no *Ecos del Eume*. En 1917 publica, ademáis, unha obra sobre o imperialismo estadounidense que leva por título *La fragua de Vulcano. Historia de la política del imperialismo Yanke en Hispano América*", editada en Bos Aires.

As convulsións políticas da Europa posterior á Primeira Guerra Mundial coinciden en España cos últimos estertores do sistema canovista. A conflictividade social ía en aumento no campo andaluz e en Galicia a loita antiformal estaba no seu punto álxido.

En 1918, con motivo das eleccións xerais, Amador Rodríguez firma varios artigos no *Ecos del Eume* apoiando a candidatura de Rodrigo Sanz -elegido para representar

5. En Fene, onde o boticario Jenaro Moreda, presidente de La Necesaria, consegue a acta de concelleiro en 1913, aparecen cinco publicacións periódicas entre 1911 e 1917, v. SANFIZ, H., *Apuntes verbo da Federación Agrícola Ferrol-Pontedeume. Op. cit.*

6. VILARIÑO, S., "Agrarismo, Regionalismo e prensa local a comezos do século XX. Notas históricas", Rev. *Cátedra*, nº 1, Pontedeume, 1994.

ao distrito pola *Federación Agrícola Ferrol-Pontedeume*— e denunciando as prácticas caciquís de Julio Weiss, que é respaldado polo conservador González Besada. O credo rexionalista de Amador queda patente nos textos: “*Cuando el regionalismo triunfe, entonces triunfarán también los anhelos del pueblo y tendrán una realidad concreta*”. A derrota electoral de Sanz é atribuída á aplicación do artigo 29⁷, ás presións e á manipulación caciquil: “[Weiss] acudió a los *tinglados caciquiles de Ayuntamientos y Juzgados Municipales*”⁸.

O revés electoral de Rodrigo Sanz non restou folgos ao movemento societario. A través dunha ampla campaña propagandística, con mitíns e festas agrarias como actos centrais, os agrarios rexionalistas emprenden a formación de novas sociedades e afánanse na divulgación de melloras técnicas entre o campesiñado.

Amador Rodríguez participa activamente nestas mobilizacións. Baixo a súa iniciativa constitúese, a mediados de 1918, a *Sociedad agrícola de defensa vecinal de Val Xestoso* (Monfero). A sociedade é patrocinada pola *Irmandade Rexionalista*, en especial polo seu xefe Rodrigo Sanz, que xunto ao líder da catalana *Lliga Regionalista*, Francesc Cambó, é nomeado presidente honorario. Unha carta de agradecemento de Cambó foi lida nos mitíns que se celebran en Lagares, Frei Bermud e Canedo, que contaron coa presenza dos agrarios Pedro Rico Couceiro, o avogado Carlos Pardo Rodrí-

PATRAÑAS DEL CACIQUISMO EN PUNTEDEUME

Ante las elecciones, el caciquismo de mi distrito ha repetido las promesas que desde muchos años sirven para engañar al pueblo y poner sus derechos de ciudadanía en manos de personas que mégran a expensas de la representación popular.

Puntedeume, uno de los distritos gallegos más abandonados por sus representantes provinciales y en las Cortes, es donde más incó sus garras el caciquismo, a pesar de que las protestas se convirtieron en realidad en más de una ocasión. Pero, como siempre los anhelos de aquel pueblo oprimido y tiranizado por los caciques, fueron ahogados con la sordera de los encargados de hacerle justicia. En vano pretenderá el señor Wais inventar patrañas para engañar a los labriegos de aquella comarca, pues saben demasiado que la usurpación de sus derechos ha servido para crear intereses personales con detrimento de los del pueblo. Desde hace mucho tiempo, ese señor viene prometiendo la realización de gestiones para la construcción del trozo de carretera que termina en Irijoa y enlaza con la de la provincia de Lugo—esta última construida en la sierra de la Loba. Lo mismo ocurre con la de Curtis, cuya construcción está paralizada desde hace muchos años, en las Travesas (Monfero). ¿En qué ocasión y cuáles fueron las gestiones que el Sr. Wais realizó en tal sentido? ¿Que beneficios reportó al partido su representación en las Cortes? ¿Cuántas escuelas se crearon, qué caminos se construyeron que el Sr. Wais gestionara de la Diputación o del Gobierno central? ¡Patrañas, patrañas y patrañas!

Los ciudadanos del distrito de Puntedeume, saben que el Sr. Wais tiene una deuda de honor contraída con el pueblo, que no ha sabido o no ha querido pagar con gestiones que beneficiaran en algo los intereses del distrito; sólo se acuerda de él cuando peligra su triunfo, que nunca lo obtuvo por la delegación amplia y sincera del sentimiento popular.

Es necesario llevar a la representación nacional a hombres generosos y sinceros que velen por los intereses del pueblo y no a quien todo lo subyuga a sus conveniencias personales.

Puntedeume, necesita carreteras, caminos vecinales y escuelas bien servidas, puesto que es injusto que, estando como está tan sacrificado por los impuestos, no obtenga los beneficios a que tiene derecho. Y esto, sólo se podrá obtener cuando los ciudadanos sepan claramente cuáles son sus verdaderos derechos y cuáles son sus deberes. Cuando el regionalismo triunfe, entonces triunfarán también los anhelos del pueblo y tendrá una realidad concreta.

AMADOR RODRIGUEZ GUERRA.

La Coruña, febrero 1918.

7. Controvertida reforma da lei electoral levada a cabo polo presidente Maura en 1907 que dispoñía que nas circunscricións onde concurrira un único candidato éste era automaticamente elixido.

8. *Ecos del Eume*, 3-3-1918.

guez, Rodrigo Álvarez Pardo⁹, ademáis de Sanz e o propio Amador Rodríguez. Os temas principais xiraron en torno á deficiencia das comunicacións comarcais e á falta de escolas, defendendo a necesidade do societarismo: “*sólo la unión vecinal, hecha según sus naturales grupos parroquiales, federados después, puede conseguir y alcanzar*”¹⁰.

Tamén está presente na constitución, en xuño de 1918, da nova sociedade agraria de Monfero, tralo enfrontamento dun grupo de socios coa directiva. Á xuntanza acuden Sanz, Carlos Pardo, Rodrigo Álvarez e os irmáns Pedro e Pablo Rico Couceiro. Éste último como membro da xunta xestora. As causas do enfrontamento entre os dous sectores hai que buscalas nas acusacións á antiga directiva, por parte do sector crítico, de connivencia co entramado caciquil besadista (“*No permitamos que el caciquismo venga a mangonear esta nueva y pujante Sociedad, como sucedió en la que acabamos de abandonar*”)¹¹. Operacións coma ésta amosan ata qué punto os partidos oligárquicos, conscientes da capacidade de mobilización que ían adquirindo as sociedades, comezan a introducirse nas directivas e a impulsar a creación de sociedades caciquís.

En 1919, tras unha viaxe en tren desde Madrid, Amador coñece a Eduvigis Díaz Gallego, coa que casa ese mesmo ano. Eduvigis era orixinaria de Ferreiros (Pobra de Brollón-Lugo) e, como Amador, procedía dunha familia de labregos acomodados, que posuía, ademáis, unha empresa de autobuses que cubría as rutas de O Incio e Monforte. Parte da súa mocidade transcurreu en Ferreirúa, parroquia próxima a Ferreiros, onde vivíu cuns tíos, cuías terras herdou anos despoís. Alentada por un deles, que era crego, completou os estudos de maxisterio, labor á que adicou boa parte da súa vida.

Un dos irmáns de Eduvigis, Luis, médico de profesión, dirixía o balneario do Incio nas datas previas ao golpe de xullo do 36. Luis Gallego militaba en *Alianza Republicana*, formación pola que concurriu ás eleccións de 1931. No verán de 1936 foi detido¹², pero logrou marchar a Venezuela, onde se instalou definitivamente.

Os pais de Eduvigis nunca tiveron de Amador unha boa opinión. Suspicacias en gran medida orixinadas polas actividades políticas do xenro. En ocasións, na compañía do seu cuñado Pedro, trasladaba xente nos autobuses da empresa para asistir aos mítines. Varios veciños lémbraño como membro do grupo que se adicou nos días sucesivos ao inicio do golpe militar á requisa de armas no concello da Pobra, e algún defíneo como “*un home moi botado pra diante*”.

9. Ámbolosdous formaban parte do comité local da Irmandade Rexionalista de Galicia. R. Álvarez como presidente e Carlos Pardo de tesoreiro. Outros membros: Ramiro Pena Miró, secretario, e Rosendo Vilariño Tenreiro, vicesecretario . v. VILARIÑO, S., “Agrarismo, Rexionalismo e prensa local...”, *op. cit.*

10. *Ecos del Eume*, 8-9-1918.

11. *Ecos del Eume*, 9-6-1918.

12. SOUTO BLANCO, M^o J., *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada, 1998.

En 1919 Eudivigis foi destinada á escola de Visuña (Folgozo do Courel), e alí, nas terras do Courel, a parella vai residir ata 1920. Nese tempo Amador proseguiu a labor organizativa e os actos de propaganda anticaciquil. En xaneiro impartía unha conferencia, no local da *Irmandade da Fala* da Coruña, sobre “*El pensamiento y la actitud de la aldea en el movimiento nacionalista*”, onde amosa un temprano interés polas coincidencias entre agrarismo e nacionalismo.

Cara a 1920, e tras solicitar Eduvigis unha excedencia, a parella estableceuse en Ferrol, na rúa Alonso López do barrio de Canido. Entre 1920 e 1922 Andrés traballa na empresa *Viuda de Pedro Fernández* e na *Sociedad Española de Construcciones Navales*. Traballos que alterna con outras ocupacións, como o arranxo de motores e todo tipo de aparellos eléctricos, segundo se desprende dun anuncio publicado no periódico da CNT *La Defensa*.

A primeira referencia do ingreso de Amador na Armada é de 1922, cando aparece traballando en calidade de escribinte na Comisaría do Arsenal. Pouco interés debeu pres-

A. R. GUERRA
 Recibe encargos para reparación e instalación de motores y toda clase de aparatos eléctricos, como son contadores, conmutadores, planchas, cocinas, calentadores etcétera, y de alumbrado.
 Se hacen presupuestos a solicitud.
Prontitud y economía
Precios sin competencia
Animas, 126-A=FERROL

Anuncio de La Defensa, 1920

tar ao este novo posto, pois no seu expediente figuran diversas instancias ao longo dos anos seguintes en demanda de permisos e licenzas, ben por motivos de saúde, ben por cuestións persoais¹³. Así, no verán de 1923 atopábase reposando en El Escorial durante unha baixa médica. E en 1925, coincidindo co reingreso de Eduvigis no seu posto e a concesión da praza de mestra na escola de Vilar-Breamo (Pontedeume), presenta unha solicitude ao Almirante para que interceda no traslado da súa muller a Ferrol, alegando que ten que manter dúas vivendas. Pero as xestións non teñen éxito e Amador, finalmente, acabará solicitando a excedencia da Armada, que lle será concedida en 1928. Para entón a familia xa residía en Campolongo (Vilar), segundo consta no padrón de habitantes da vila¹⁴. O documento revela tamén que Amador tiña instalado unha pequena fábrica de xabóns de area.

tar ao este novo posto, pois no seu expediente figuran diversas instancias ao longo dos anos seguintes en demanda de permisos e licenzas, ben por motivos de saúde, ben por cuestións persoais¹³. Así, no verán de 1923 atopábase reposando en El Escorial durante unha baixa médica. E en 1925, coincidindo co reingreso de Eduvigis no seu posto e a concesión da praza de mestra na escola de Vilar-Breamo (Pontedeume), presenta unha solicitude ao Almirante para que


13. Archivo de la Zona Marítima-Arsenal Ferrol. Expediente Maestranza.

14. Concretamente, desde 1924. A-1093. Anos 1924-1930. Padróns e Censo de Habitantes. AMP.

Unha faciana a penas coñecida de Amador Rodríguez é o seu interese pola radiotelefonía, da cal se convertiu nun dos seus pioneiros en Galicia. E se a principios de 1925 os irmáns santiagueses Juan e José Portela Seijo montaban unha emisora de radio cuido sinal chegou ser escoitado en Barcelona, Amador, o mesmo ano, capta o sinal de emisoras americanas desde un tren en marcha cunha radio construída por él mesmo¹⁵. Os coñecementos que adquire nesta materia plasmounos na obra *La radiotelefonía práctica: manual práctico y detallado de toda clase de receptores y transmisores de telefonía y telegrafía sin hilos*, publicada en Madrid, pola librería Alejandro Pueyo, en 1924¹⁶. Escribe tamén *La recepción de la T.S.H. a larga distancia*, editada pola mesma casa en 1925.

Ademáis, a fazaña aérea do “Plus Ultra”, o primeiro vo español transoceánico, protagonizada en 1926 por Ramón Franco, Ruiz de Alda, Durán e Rada, terá no noso protagonista unha testemuña excepcional, pois con motivo do raid aéreo Amador partirá á Arxentina para cubrir a noticia. A esta época remóntase con toda probabilidade a relación que manterá con Ramón Franco.

Dende 1923 a ditadura de Primo de Ribera, ben acollida inicialmente desde amplos sectores sociais, non desactivou o movemento societario. Anque sí logrou reconducilo. A resolución da cuestión foral e o recente acceso de candidatos agrarios ás administracións locais son algúns exemplos. A cambio, as agrarias máis combativas foron marxinaadas e as súas actividades limitáronse aos aspectos técnicos.



Portada de “La radiotelefonía práctica”

Co final do réxime prodúcese o despertar da actividade dos partidos, o aliñeamento das forzas políticas cara ás eleccións convocadas para abril de 1931 (Pacto de Lestrove)

15. SEIJAS LLERENA, D., *Arousa, un mar de cultura*. Diario de Arousa, 2008.

16. EZCURRA, L., *Historia de la radiodifusión en España. Los primeros años*, Madrid, 1974. “A esta época se refería Amador Rodríguez Guerra cuando, al citar, en 1924, las estaciones radiotelefónicas existentes en España, mencionó sólo dos emisoras, “Madrid EGC” y “Radio Ibérica”. Es indudable que Amador Rodríguez Guerra estaba bien informado sobre el desarrollo de la radiodifusión en España”.

e a multiplicación dos actos públicos. Exemplo dos mesmos é o mitin celebrado en Pontedeume en outubro de 1930, que contou coa presenza das “*fuerzas agrarias y obreras del distrito de Pontedeume*”¹⁷.

3. CONSTITUCIÓN DO PARTIDO AGRARIO RADICAL GALLEGO

Durante o período republicano vaise producir unha crecente interferencia dos partidos no movemento societario. A inclusión nas filas da ORGA da *Federación Agraria de Ortigueira*, liderada por Leandro Pita, ou o achegamento de moitas sociedades e á UXT, como é o caso da *Federación Agraria Comarcal de Pontedeume*, fundada en 1932, son claros expoñentes desta tendencia.

Ao mesmo tempo, e nunha dirección contraria, reproducíense os intentos de materializar o tantas veces malogrado soño dos agrarios de constituir un partido independente que representase os verdadeiros intereses do campesiñado galego, fóra da obediencia a partidos que tradicionalmente viñan utilizando no seu beneficio a forza emerxente do voto rural. En Pontevedra, a *Federación Agraria Provincial* impulsa un *Partido Agrario* cun programa baseado na defensa dos intereses dos pequenos propietarios e próximo ideoloxicamente ao *Partido Galeguista*¹⁸.

Pola súa banda, os esforzos realizados por Amador Rodríguez concretáronse a principios de 1931 na creación, a principios de 1931, do *Partido Agrario Radical Gallego* (PARG), unha vez aprobados os seus estatutos polo gobernador civil¹⁹.

Os obxectivos do novo partido consistían en: “*levantar el espíritu agrario y ciudadano, fomentar la cultura general y crear el amor al trabajo de la tierra y el sano y levantado amor a Galicia*”²⁰. As bases ideolóxicas beben das fontes do rexionalismo agrarista de *Solidaridad Gallega* e inspíranse nas conclusións das Asambleas Agrarias, especialmente as medidas de apoio ao sector agropecuario, como a creación dun plan de estradas comarcais, a libre importación de millo, a repoboación forestal, o melloramento gandeiro –mediante establecemento de paradas de sementais e matadoiros comunais– e a desaparición dos impostos indirectos. En relación coa cuestión foral –teóricamente resolta en 1926 coa Lei de Redención de Foros– o novo partido decantábase pola redención a cargo do Estado.

17. *La Vanguardia*, 25-10-1930.

18. CABO, M., *O Agrarismo*, op. cit.

19. *El Pueblo Gallego*, 19-1-1931.

20. MARTÍNEZ, L., “Asociacións políticas e sindicais durante a II República en Pontedeume”, 75 anos da *II República*, *Rev. Cat.*, nº 2, Pontedeume, 2006.

A preocupación polo desenvolvemento educativo, que tanto interés despertou durante a II República, lévao a apostar polo establecemento de novas escolas, o apoio ao ensino público coa reforma do plan de estudos, a mellora salarial dos mestres e a galeguización do ensino superior. Propuña tamén a cooficialidade das línguas, o recoñecemento administrativo da parroquia, a institución de tribunais parroquiais e a separación Igrexa-Estado.

Eixo central do programa do Partido Agrario Radical Gallego constituírao a defensa da autonomía rexional para Galicia e a proposta de representación política dos emigrados nos órganos autonómicos. E desde outono de 1932 Amador vai a intervir en diversos actos a prol do Estatuto. En novembro pronuncia unha conferencia no Centro Cultural Herculino co título “*Exposición y crítica del pensamiento y la actitud de los campesinos ante el Estatuto de Galicia*”. Na mesma, Amador atacou duramente o caciquismo, expresando tamén as súas críticas contra o réxime republicano que, na súa opinión “*no ha hecho nada por atraer a la gran masa campesina, rechazándose por los gobernantes y por sus delegados la colaboración de elementos sanos y de rancio republicanismo para instaurar en cambio, aceptando a otros elementos contaminados, un caciquismo “frigio” tan deplorable como el anterior*”. Reclama a participación do “*elemento campesino en la obra de forjar la futura autonomía gallega*” e censura a adscripción aos partidos estatais daqueles que integran os partidos galegos, por entender que no seu programa “*quedarán diluídas las organizacións gallegas*”²¹.

A campaña terá continuidade en 1933 coa convocatoria de novos mitíns. Un deles ten lugar en xaneiro en Campolongo, promovido pola *Sociedad Agraria Republicana de Castro, Leiro y Carantoña* e pola *Federación Agrícola Comarcal de Pontedeume*²², recentemente constituída. Interviron José Antonio Cabana Rodríguez, presidente desta última entidade, o mestre Golán Pereiro e o deputado Ramón Suárez Picallo, do *Grupo Galeguista* de Sada. Éste centrou o seu discurso nos “*problemas que debe resolver la Autonomía regional. Problemas fiscales y arancelarios, concentración parcelaria, crédito agrícola, escuelas de orientación agro-pecuaria, cooperativización (...)*”. Problemas que, ao seu modo de ver, só poderán seren resoltos polos campesiños organizados, “*que tendrán en la vida política, social y económica de la región autónoma, una personalidad y una influencia indiscutibles*”. Por iso acabou reclamando o “*máximo apoyo para el Estatuto*”²³.

Para Miguel Cabo, estudioso do fenómeno agrarista, o *Partido Agrario Radical Gallego* preséntase como “*unha forza autonomista que busca articular a participación política do pequeno campesiñado organizado*”. E sobre a caracterización ideolóxica do

21. *La Voz de Galicia*, 8-10-1932.

22. En 1932 era o presidente José Antonio Cabana Rodríguez, da sociedade de Leiro-Castro-Carantoña. En 1933 Juan Ares López, da sociedade de Nogueirosa. V. MARTÍNEZ, L., *Asociacións políticas e sindicais... op. cit.*

23. *El Pueblo Gallego*, 13-1-1933

partido sostén que algúns elementos do seu programa, como o compromiso na defensa do réxime republicano, ou a celebración do 1º de maio revelarían unha orientación esquerdista²⁴.

A identificación co republicanismo queda patente na adhesión do PRAG e das sociedades agrarias a él vinculadas a iniciativas como *A La Tercera República*, promovida por César Alvajar Diéguez, presidente do Casino Republicano da Coruña.

As vinculacións que o agrarismo defendido por Amador Rodríguez establece co movemento obreiro corroboran a visión de M. Cabo. As palabras que Amador pronuncia no mitin organizado pola *Federación Local de Sociedades Obreras* na Coruña, en xullo de 1931, amosan a sintonía que, as seu parecer, debe existir entre labregos e proletarios: “*los campesinos tienen las mismas ansias de libertad y emancipación que las demás clases trabajadoras*”, e pide “*solidaridad para la redención de los obreros del campo*”²⁵. Este chamamento á unión das forzas obreira e campesiñas tamén está presente na conferencia que baixo o título “*Necesidad de unión y de armonía entre los obreros del campo y los de la ciudad*” pronuncia a principios de 1932 no Centro Cultural Herculino, onde defendeu a necesidade da sindicación e censura aos políticos que, baixo a bandeira do agrarismo, traizoan os intereses dos labregos, posición que contrasta co recelo que sectores do galeguismo mantiveron inicialmente respecto ao proletariado, ao que consideraban unha clase desgaleguizada²⁶.

A organización do PRAG, ao fronte da cal sitúase un Comité Rexional, estrutúrase a partir dos comités locais das sociedades agrarias, que actúan no ámbito parroquial, e cujos membros non poderían seren reelegidos dous anos consecutivos. As bases “*encargaránse de denunciar as necesidades de cada localidade (...) a través de campañas propagandísticas, tanto orais, coa organización de mitins, como escritas, recurriendo á prensa*”²⁷.

Entre os membros do comité organizador figuran Pascual Zaera Rojo, que presidía en 1931 a *Sociedad Agraria Republicana de Castro, Leiro y Carantoña*; Juan Nodar Martínez, secretario da mesma entidade; Juan González Carballeira, Antonio Grueiro, Víctor del Río Amado, mestre e secretario a mediados dos anos trinta do *Grupo Galeguista* de Calobre; José Martínez, Ramón Gómez e Pedro Ríó. A secretaría do partido, que ocupa Amador Rodríguez, radicaba en Campolongo.

24. CABO, M., *O Agrarismo, op. cit.* E tamén “La II República en la Galicia rural”, *Cuadernos republicanos*, nº 64, 2007, onde o autor sostén erroneamente que o PARG xurdiu “*de una escisión del Partido Radical de elementos descontentos con la elaboración de las candidaturas a Cortes liderados por Amador Rodríguez Guerra*”.

25. *La Voz de Galicia*, 7-7-1931.

26. Caso, por exemplo, de Lois peña Novo ou de Antor Villar Ponte

27. MARTÍNEZ, L., *Asociacións políticas e sindicais... op. cit.*

O PARG dotouse tamén dunha rama xuvenil, con forte peso nos concellos lucenses e cuxa directiva estivo presidida polo periodista Antonio Domínguez Casais.

As zonas de implantación do partido son o norte da provincia da Coruña (Pontedeume, Monfero) e o sureste de Lugo, onde se concentran trece das catorce sociedades afiliadas na provincia, nos concellos de Pobra de Brollón, Sarria, Monforte, Samos, O Incio, Folgoso do Courel e Bóveda. En localidades como Lúzara o partido chegou a contar con 400 afiliados²⁸ e na Pobra de Brollón, sen dúbida o concello onde o PRAG contou cunha maior presenza, varios agrarios acadaron acta de concelleiro nas eleccións de 1931.

Órgano de expresión do partido vai ser o periódico *La Voz del Agro*, que sae á luz en novembro de 1932²⁹. Baixo a dirección de Amador Rodríguez, a publicación, da que se coñecen só catro números, márcase como obxectivo: “*Denunciar injusticias, señalar defectos y defendernos los trabajadores de los atropellos que a diario se cometen con nosotros, al mismo tiempo que trabajaremos incansables porque Galicia salga del ostracismo y del abandono en que vive para incorporarse con toda decisión al concierto de los pueblos libres que forjan con su esfuerzo la capacidad suficiente para bastarse a sí mismos*”³⁰. O segundo número aparece a finais de 1932. Nel recóllese a instancia dirixida ao presidente do Consello de Ministros no que pide que “*cese la persecución contra vitales intereses de Galicia*”³¹, que é posiblemente o mesmo artigo que publica *El Imparcial* de Madrid poucos días despois co título *La miseria en el campo gallego*. A preocupación polas dificultades de transporte é recollida novamente por Amador nun artigo dirixido ao Director Xeral de ferrocarrís no cuarto e posiblemente último número de *La Voz del Agro*, publicado en febreiro de 1933.

Na campaña electoral do PARG para as eleccións de xuño de 1931 participaron membros do partido, entre eles o Víctor del Río Amado e Amador Rodríguez, e tamén significados republicanos coruñeses, como César Alvajar. Os mitins principais tiveron como escenario a Praza de María Pita (A Coruña) e Narón.

Ás eleccións o PARG vai concurrir cunha lista composta por republicanos pertencentes a diversas formacións, encabezada por Santiago Casares Quiroga, presidente da ORGA, e a quen acompañan o Subsecretario de Comunicacións Gerardo Abad, o rector da Universidade de Santiago Alejandro Rodríguez Cadarso, César Alvajar, presidente do

28. *El Progreso*, 25-10-1931

29. CABO VILLAVARDE, M., *A Prensa Agraria en Galicia*, Ourense, 2002.

30. *La Voz de Galicia*, 29-11-1932

31. *La Voz de Galicia*, 20-12-1932

Casino Republicano e candidato por *Alianza Republicana*³², o agrario ortegano Leandro Pita Romero, integrado na ORGA, e o propio Amador Rodríguez. Algúns nomes que aparecen na candidatura tamén formaban parte da *Conxunción Republicano-Socialista*, como Ramón Beade, secretario da *Federación Agraria de Betanzos*, que días despois publica unha nota protestando pola súa inclusión na lista.

*“Aparte de los candidatos proclamados –de los que hay que descontar los que han sido para fines de intervención-, es sabido que lucharán en la próxima jornada electoral otros varios presentados por diversos grupos y, entre ellos, los que el partido agrario radical propone en un manifiesto circulado estos días, entre los cuales figuran, además de los que están incluidos en las propuestas anteriormente citadas, como don Ramón Beade, los señores don César Alvajar, don Amador Rodríguez Guerra y don Juan Martínez Tejada”*³³.

Na polémica terciará a autonominada Comisión pro candidatura César Alvajar, que alabando a iniciativa do PARG:

*“No se ocultará al más ignorante en cuestiones políticas que la leal conducta iniciada en la capital de la nación, con referencia a la elección para diputados a Cortes, por un grupo político que abre hueco en sus candidaturas a personas de valía, aunque no estén afiliadas a dicho partido, conducta que debiera ser imitada, no obedece sino a un estado de opinión pública que considera que a las Cortes Constituyentes deben ir los mejores hombres, ya que de la falla intelectual de los nuevos diputados dependerá que las leyes por las que ha de regirse nuestra Patria colmen los anhelos de libertad y justicia que en todos nosotros laten...”*³⁴.

A principios de xullo réunese a Asamblea Xeral do Partido Agrario, disólvese o comité organizador e noméase un Comité Rexional. Entre os membros que o compoñen a presenza do elemento campesiño é claramente maioritaria, como deixaban claro os estatutos da formación: Emilio Alba Lamas (presidente), Antonio Antelo García (vicepresidente), Amador Rodríguez Guerra (secretario xeral), Juan González (vocal), Antonio Grueiro (tesoreiro), Víctor del Río Amado (vocal), Ramón Gómez Pico (vocal), Juan Nodar (vocal), Manuel Blanco (vocal).

32. Alvajar presidiu, a comezos da II República, a organización coruñesa do Partido Radical, partido de que se acabará desmarcando para pasar a formar parte de Unión Republicana a partir de 1934.

33. *La Voz de Galicia*, 23-6-1931.

34. *La Voz de Galicia*, 25-6-1931.

Os resultados electorais da candidatura de Amador Rodríguez Guerra abroxan unha cifra de 1906 sufraxios na circunscrición da Coruña³⁵. Pero a pesar do sonoro fracaso, os dirixentes do PARG proseguiron no transcurso dos meses seguintes un tenaz traballo organizativo e propagandístico, como a conferencia ofrecida na Coruña por Amador Rodríguez sobre “*El pensamiento y la actitud de los campesinos gallegos ante las Cortes Constituyentes españolas. Una réplica y unas notas marginales para el catálogo de la riqueza gallega*”³⁶; o mitín efectuado a mediados de xullo na feira da Viña (Irixoa), onde falaram Amador, Juan Nodar e os mestres Leonardo Martínez e Víctor del Río; e os actos celebrados en Canedo con motivo da creación do comité local do Partido.

Sabemos que a finais de 1931 Amador atopábase en Madrid, onde asiste aos debates sobre a Lei de Reforma Agraria que tiveron lugar no Ateneo³⁷. Esta institución, que entón presidía Manuel Azaña, tribuna da intelectualidade e a clase política da República, funcionaba como un auténtico parlamento paralelo sobre as cuestións máis candentes. Durante a tempada que permanece na capital, Amador frecuenta tamén a famosa tertulia do café Pombo³⁸.

Ao longo dos anos 1932 e 1933 Amador Rodríguez desplega unha gran actividade ao fronte do PARG por terras de Lugo. Ademais da campaña para lograr a mellora das comunicacións comarcais, orquestrada desde os comités locais do PRAG, cun amplo seguimento na prensa³⁹, fúndase a sección xuvenil do partido e celébranse os acostumados mitíns, que contan coa participación de Amador Rodríguez e de dirixentes locais do partido. Así, en marzo de 1933 teñen lugar os mitíns de Samos –ao que, segundo a prensa, concorriron unhas 4 000 persoas– e o que ten lugar no Incio pouco despois.

A necesidade de articular dentro do agrarismo un discurso común que aunase as preocupacións máis técnicas con obxectivos políticos levou a Amador Rodríguez, como secretario xeral do partido, a convocar, a principios de novembro de 1932, un Congreso Agrario ao que son invitados Concellos, sociedades e sindicatos agrarios. Tralo ocaso das últimas Asambleas Agrarias –nadas baixo a inspiración de SG e o liderado de Rodrigo Sanz– os Congresos agrarios comarcais e provinciais viñeron a encher o oco deixado por aquelas.

35. JUAN BOLUFER, A. e SERRANO ALONSO, J., *Valle-Inclán, candidato republicano*. Santiago de Compostela, 2007.

36. *La Voz de Galicia*, 14-7-1931.

37. *La Voz de Galicia*, 15-1-1932, onde se informa da “*participación muy activa y afortunada*” de Amador Rodríguez na discusión da reforma agraria no Ateneo.

38. GOMEZ DE LA SERNA, R., *La sagrada cripta del Pombo*, Madrid, 1999.

39. *El Progreso*, 26-3-1932.



SAMOS (LUGO). — Concurrentes al acto de propaganda organizado por las sociedades y comités del Partido Agrario Radical Gallego

Mitín do PARG en Samos

Aínda que descoñecemos as razóns polas que non se chegou a reunir este Congreso, o interés dos temas a debater xustifica unha enumeración detallada dos mesmos.

Entre as propostas destaca, en primeiro lugar, a discusión de enmendas ao anteproxecto de Estatuto de Autonomía, en plena tramitación. En materia arancelaria, reclámase que o Poder Rexional contara con facultades para desgravar pola compra de sementes, millo, plantas forraxeiras e maquinaria. No ámbito educativo, esíxese a creación de escolas e a impartición, nos diferentes niveis educativos, de ensinanzas agropecuarias. Son numerosas as proposicións para acabar co caciquismo, como o establecemento de tribunais parroquiais, “*a fin de evitar pleitos ruinosos entre los labradores*”, o nomeamento por elección popular dos xuíces municipais (“*a fin de evitar en su nombramiento la intromisión de elementos caciquiles*”), ou a designación polos “*organismos agrarios legalmente constituidos*” de interventores para a vixilancia dos procesos electorais, así como a necesaria representación política do campesiñado nas institucións do Estado.

Capítulo aparte constitúeno as medidas económicas e as de carácter técnico, como a creación dun Banco Nacional Agrario, o fomento de sociedades de seguros mutuos, a reforma da lei de arrendamentos (“*a fin de garantizar los intereses y la estabilidad de los arrendatarios sin perjuicio de los derechos que legítimamente le corresponda*”), a concentración parcelaria, a unificación do pago das rendas en especie e a súa conversión en metálico, a supresión de foros, censos e laudemios; a unificación dos prezos do gando, a introducción de melloras na comercialización e transporte do gando, así como a creación de matadoiros rurais e a selección de razas; o establecemento de cooperativas de produc-

ción e consumo, a obtención de adubos baratos e a loita contra as adulteracións; a creación de industrias rurais e a repoboación forestal⁴⁰.

Unha rápida análise dos temas obxecto de debate lévanos a establecer un inevitábel paralelismo coas conclusións das diferentes *Asambleas Agrarias* reunidas entre 1908-1919.

O interés amosado por Amador Rodríguez polo difusión das fórmulas asociativas tomou corpo a finais de 1931 coa creación da *Federación Agro-pecuaria de Seguros Mutuos de la provincia de Lugo*. Trátase fundamentalmente dunha mutua de gando, constituída a partir de seccións parroquiais, e cuia sede ubicábase en Pobra de Brollón⁴¹. Un ano despois (decembro de 1932), e tamén baixo a súa iniciativa, constitúese en Pontedeume a *Unión de Agricultores de la Parroquia de Vilar*, novamente unha sociedade de seguros mutuos de gando que, segundo os seus estatutos, procuraba “*o mejoramiento moral, económico e intelectual de sus asociados y la defensa de sus intereses de todas clases que a los mismos afecte*”⁴². Na xunta directiva desta última atopamos membros do PARG, entre eles Eduardo Rodríguez López (presidente), Gerardo Fonte Amigo, Leonardo Martínez (tesoureiro), Antonio Varela Vales (presidente en 1935) e Juan Antonio Regueiro Pardo (presidente en 1936).

O modelo organizativo destas sociedades, baseado en seccións parroquiais, reproduce o esquema do PARG. E o seu carácter eminentemente técnico explica a continuidade de depóis da guerra civil, como é o caso da *Unión de Agricultores*, que sobrevive ata 1940.

Amador Rodríguez foi tamén delegado xeral da *Unión de Propietarios de Automóviles de servicios públicos libres* e defensor dos intereses dos transportistas libres, e como tal toma parte, en decembro de 1932, xunto co alcalde de Arteixo e un numeroso grupo de labregos, na protesta contra a exclusividade no servizo de transporte de varias empresas de automóbiles. Nesta ocasión denunciou os graves perxuízos que para os labregos supuña a paralización dos servizos libres e anunciou “*el decidido propósito de las organizaciones agrarias de hacerse oír para que se les haga justicia*”⁴³.

40. *La Voz de Galicia*, 19-11-1932

41. *El Progreso*, 5-12-1931

42. MARTÍNEZ, L., *Asociacións políticas e sindicais...* op. cit.

43. *La Voz de Galicia*, 18-12-1932

Los servicios de transporte por carretera



UNA IMPONENTE COMISION DE LABRADORES VINO AYER EN AUTOMOVILES A LA CORUSA

“Protesta contra o monopolio do transporte na Coruña”, 1932

4. AS ELECCIÓNS DE 1933 E O DECLIVE DO PARG

A pesar do gran número de sociedades agrarias adheridas ao PARG, o seu avance electoral amosou un feble crecemento. O resultado acadado nas eleccións de novembro de 1933, moi lonxe do esperado, orixinou a protesta do seu secretario xeral. Segundo o *Estudio da situación política da provincia*, elaborado polo Ministerio de Gobernación un mes antes das eleccións, o PARG tiña unha previsión de voto do 13,29%⁴⁴. A diferenza das eleccións de 1931, nesta ocasión o PARG presentou unha candidatura propia na que figuraban Amador Rodríguez, Pascual Zaera, David Pérez de Castro, José Andión Estévez e José Méndez García.

O cambio político operado a raíz das eleccións entrañou unha dereitización do réxime e a conseguinte reacción por parte das autoridades contra os sectores máis radicalizados do movemento societario.

O descontento contra o novo réxime manifestarase abertamente coa folga xeral de outubro de 1934. Con motivo dos sucesos ocorridos na Coruña, Amador Rodríguez será detido e procesado xunto a coñecidos republicanos coruñeses, como César Alvaraj,

44. GRANDÍO SEOANE, E., *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*, Vigo, 1999. Porcentaxe situado por debaixo do 49,49% do Partido Republicano Gallego, o 17,04% do Partido Republicano Radical e do 14,48% do PSOE.

Joaquín Pereiro, Gregorio Caño e Luis Tato, que foron acusadas dun delito de provocación, inducción e excitación para cometer rebelión militar. Os feitos remóntanse ao día 6 de outubro cando, con motivo da proclamación do estado de guerra por unha compañía de infantaría no Cantón de Porlier na Coruña, un grupo de persoas proferiu gritos desde o edificio do Casino Republicano, sendo a continuación detidas unha treintena delas e clausurado o Casino. En Marzo de 1935 celébrase o Consello de Guerra no cuartel de Atocha. O fiscal pediu para os inculpados a pena de seis anos e un día de cadea.

*“El oficial que mandaba las tropas que estaban declarando el Estado de Guerra en La Coruña, provocó abiertamente a los republicanos coruñeses que, en gran número, estaban reunidos en el Casino Republicano, al detener la tropa debajo de los balcones del Casino para allí leer el Bando correspondiente. Los republicanos abuchearon al oficial y le reprocharon su conducta. Éste, mandó a los soldados apuntar con las armas a los que se encontraban en el balcón y luego subió con unos números de tropa y sin ninguna clase de miramientos empezó a detener a ciudadanos que no tenían nada que ver con los insultos y los abucheos (...) Entre los detenidos y en su calidad de Presidente del Casino Republicano y, por tanto, considerado el máximo responsable de lo ocurrido allí por parte del oficial provocador, figuraba mi padre (...) Mi padre estuvo en la cárcel casi tres meses. Luego, su abogado, el diputado José Miñones, alegando que la madre era de edad muy avanzada y estaba enferma, consiguió que lo pusieran en libertad vigilada (...) El Ayuntamiento de La Coruña, gobernado en el Bienio Negro por las derechas, suspendió a mi padre de empleo y sueldo hasta que se celebrara el Consejo de Guerra que, si no recuerdo mal, tuvo lugar a finales de mayo o a principios de junio de 1935 (...) Yo asistí a aquel Consejo de Guerra en el cual absolvieron a mi padre de todos los cargos que se le imputaban”*⁴⁵.

Semella que ao longo destes meses Amador Rodríguez, César Alvajar e os outros inculpados permaneceron presos no cárcere. Durante o xuízo, a defensa, que correu a cargo do avogado e deputado de Unión Republicana, Pepe Miñones, aportou as testemuñas do ex alcalde Suárez Ferrín, o presidente local do Partido Galeguista, Plácido R. Castro, e o deputado García Ramos. O fallo debeu ser exculpatório e os acusados foron postos en liberdade provisional⁴⁶. De feito, unhas semanas despois varios amigos de César Alvajar ofrecéronlle nun coñecido local da Coruña un banquete para celebrar a súa absolución.

45. ALVAJAR LÓPEZ, J., “La Coruña de mi adolescencia. Recuerdos de la Segunda República Española”, *Anuario Brigantino*, Betanzos, 1992, nº 15.

46. *La Voz de Galicia*, 10-3-1935.

Desde mediados de 1935, a consecuencia do avance de forzas como o *Partido Agrario Español* –significativo en varias áreas da provincia de Lugo-, da defección dalgunhas sociedades ata entón vinculadas ao PARG e das secuelas derivadas da súa estada no cárcere, debeu producirse un certo afastamento por parte de Amador Rodríguez da actividade política, de feito, o PARG nin sequer concorre ás eleccións de febreiro de 1936.

5. A MORTE

En Galicia a represión tivo un claro obxectivo nos elementos considerados máis comprometidos do agrarismo. Moitos cadros das sociedades foron detidos e paseados e unha gran parte das sociedades desmanteladas.

En distritos como Pontedeume foron asasinadas entre 1936 e 1937 figuras de marcada traxectoria agrarista, como Rodrigo Álvarez Pardo, que en 1936 era secretario do Concello de Ares e militante de *Izquierda Republicana*; Pablo Rico Couceiro, alcalde de Monfero por *IR* e directivo da Sociedad Agraria de Monfero; Andrés García Marcos, concelleiro de *IR* e membro tamén da sociedade agraria, así como os tamén concelleiros e membros da sociedade Juan Pico González e Benito Souto Corral. En Vilarmaior a represión cobrouse tamén a vida dos concelleiros agrarios Manuel Varela González e José Manuel Varela Salido.

Nos días previos ao golpe militar, Amador atopábase na Pobra de Brollón. Nos concellos orientais de Lugo rexístrouse con anterioridade ao levantamento militar de xullo do 36 unha elevada tensión social, deixándose sentir con intensidade as repercusións da revolución de Asturias. A importancia estratéxica do nudo ferroviario de Monforte, onde o 21 de xullo do 36 os ferroviarios declaran unha folga xeral revolucionaria, e a actividade das sociedades agrarias, explican a contundencia das medidas represivas por parte das novas autoridades. Só no concello de Pobra de Brollón contabilízanse 49 mortes⁴⁷.

As forzas da Garda Civil, apoiadas por elementos procedentes da caciquil *Sociedad de Labradores de Lemos* vinculada ao *Partido Agrario Español*⁴⁸, lograron afogar calquera resistencia na vila. Nos días seguintes, unha columna integrada por gardas civís, falanxistas e un grupo de voluntarios actuou nos concellos próximos.

Segundo as testemuñas, Amador Rodríguez participa na requisa de armas organizada polas autoridades republicanas. Debeu permanecer na zona de Ferreiros ata o 19 de

47. SOUTO BLANCO, M^a J., *La represión franquista... op. cit.*

48. SOUTO BLANCO, M^a J., *La represión franquista... op. cit.*

agosto, cando é capturado polas milicias de Falanxe do Incio, en concreto, a Escuadra Negra de Eiraxalba (O Incio).

A morte de Amador quedou rexistrada o 18 de setembro de 1936. Na acta de defunción conségnase: “*morte registrada no Val do Incio a causa de hemorragia producida por feridas de arma de fogo e instrumento incisocortante*”, dato este último que proba o ensañamento do que foi obxecto. Outra versión sitúa o lugar da execución á altura do encoro da Ruxidoira (Pacios de Veiga-Pobra de Brollón), na estrada que conduce ao Incio. Sen embargo, as testemuñas máis fiables sosteñen que o fusilamento tivo lugar preto do encoro de Vilasouto, en Eirexalba, de onde procedía a columna de falanxistas. Un veciño acudiu ata o lugar nun carro para recoller o cadáver.

Despóis da morte do seu home, Eduvigis regresou cos fillos a Pobra de Brollón. En 1938 coñeceu a resolución favorábel da comisión de depuración de mestres, obtendo algún tempo despóis destino en Barcelona, onde se xubilaría.

*O noso agradecemento a Amador Rodríguez Díaz
pola súa amable colaboración.*